



# **BOLETÍN INFORMATIVO**

**INICIO DE CURSO  
2019-2020**

# Presentación

O equipo directivo do IES "Xesús Taboada Chivite", saúda a todos os pais, e ponse á súa disposición para todo aquilo relacionado coa actividade formativa dos seus fillos e o funcionamento xeral do centro.

A relación cos pais e coa ANPA, é un pilar básico da política educativa deste centro. Todos deben saber que as suxestións e inqedanzas que nos fagan chegar serán debidamente atendidas, na seguranza de que unha boa comunicación sobre os problemas que poidan xurdir ao longo do curso é o mellor método para solucionarlos.

Queremos destacar a idea de que a educación non consiste só na capacitación intelectual do alumno a través da adquisición de coñecementos humanísticos e científicos; unha parte importante do labor educativo, consiste, tamén, en desenvolver a súa personalidade no plano da responsabilidade e do respecto ás persoas e ao seu entorno en xeral, fornecéndoos dunha preparación que lles permita, no inmediato futuro, participar na vida cultural e social da súa colectividade.

En definitiva, o clima de confianza e cooperación entre todos os sectores educativos é básico para acadar un modelo educativo eficaz que permita conseguir os obxectivos de formación plena do noso alumnado que é a función primordial do IES "Xesús Taboada Chivite" e do seu claustro de profesores.

O presente BOLETÍN recolle aqueles aspectos básicos de horarios e funcionamento, así como, as novidades legais relacionadas coa lexislación educativa que deben coñecerse ao inicio do novo curso escolar.

A Dirección

# Calendario escolar

- Comezo de curso :

1. Día 16 de setembro, luns, a partir das 11:00 horas, exposición pública das listas de alumnos matriculados de ESO e BACHARELATO por cursos e grupos. A partir das 13:00 horas realizaranse as presentacións dos seguintes cursos:

- 1º ESO: 13:00 horas
- 2º ESO: 13:05 horas
- 3º ESO: 13:10 horas
- 4º ESO: 13:15 horas
- 1º BAC: 13:20 horas
- 2º BAC: 13:25 horas

(Este día haberá un servizo de transporte escolar especial para alumnos de ESO que chegará ao centro ás 11:00 horas e levará aos alumnos de volta a casa ás 14:00 horas)

2. Día 17 de setembro, martes, a partir das 8.50 horas comezo das clases en todos os niveis.

- Horarios

1. Horario de mañá: de luns a venres, de 8:50 a 14:20 horas, cun recreo de 30 minutos de 11:20 ata 11:50 horas.
2. Horario de tarde: luns, de 16:40 a 18:20 horas. De martes a xoves, permanecerá aberto o centro de 16:00 a 19:00 horas.

- Datas das avaliacións

Haberá tres avaliacións ao longo do curso:

1. A primeira levarase a cabo entre os días 17 e 19 de decembro. As notas serán entregadas aos alumnos en man o venres día 20. Cada alumno traerá o seu boletín asinado á volta de vacacións o mércores 8 de xaneiro.
2. A segunda avaliación terá lugar entre os días 24 e 26 de marzo. As notas serán entregadas aos alumnos o venres día 27 de marzo. Cada alumno traerá o seu boletín asinado o luns 30 de marzo.
3. A terceira, ou avaliación final, terá lugar a finais de maio para os que teñan materias pendentes e para os de 2º de Bacharelato. Para o resto dos cursos a avaliación terá lugar os días 19 e 22 de xuño. As notas finais entregaranse aos alumnos en man o martes 23 de xuño pola mañá.

- Vacacións.

Os períodos de vacacións serán os seguintes:

1. Vacacións de Nadal: dende o día 23 de decembro de 2019 ata o 7 de xaneiro de 2020, ambos inclusive.
2. Vacacións do Entroido: os días 24, 25 e 26 de febreiro de 2020.

3. Vacacións de Semana Santa: dende o día 6 ao 13 de abril de 2020, ambos inclusive.
4. Día do Ensino: día 31 de outubro de 2019, xoves, (día unificado da celebración dos patróns de cada nivel educativo).
5. Ademais, o centro solicitará as autoridades educativas, se así o aproba o Consello Escolar, que non sexa lectivo o día 21 de febreiro de 2020, venres de Entroido.

## Faltas de asistencia e puntualidade

Segundo o disposto nas Normas de Organización e Funcionamento, a incorporación inxustificada dun alumno á clase, unha vez comezada a mesma, considerarase falta de puntualidade. Cada tres faltas de puntualidade considerarase unha falta de asistencia.

Os alumnos de educación secundaria obrigatoria teñen a obriga de asistir a clase e a súa ausencia reiterada pode provocar a apertura dun expediente de absentismo escolar con repercusións legais para o menor e para os seus pais ou titores legais.

Os pais teñen que xustificar todas as faltas dos seus fillos xuntando os xustificantes oficiais. Asemade, e sen necesidade de xustificación oficial, poderán excepcionalmente xustificar faltas por indisposicións leves dos seus fillos de ata dous días como máximo para o cal terán que presentarse no centro ou establecer unha comunicación telefónica do titor.

A acumulación de trinta faltas de asistencia sen xustificar, no bacharelato, suporá a perda do dereito á avaliación continua.

## Servizo web e notificación de faltas de asistencia por SMS e por carta.

Para os pais ou titores legais, funcionará un servizo diario de aviso das faltas de asistencia dos seus fillos mediante email.

Tamén para todos os pais ou titores legais que o soliciten, ofrécese a posibilidade de seguir a evolución académica dos seus fillos na aplicación informática "AbalarMobil". Nela poderán comprobar, completamente actualizada, toda a información sobre os seus fillos: cualificacións das distintas avaliacións, faltas de conduta, avisos e notificacións, incidencias e ausencias totais xustificadas e non xustificadas. Tamén poderán pedir cita co titor ou con calquera profesor que lle dea clase aos seus fillos.

A todos os alumnos de ESO se lles entregará, na primeira titoría de cada mes, unha carta para os seus pais ou titores legais, que deberán devolver asinada, coa relación das faltas de asistencia xustificadas e non xustificadas que tiveron no mes anterior.

## Baixas de matrícula

O procedemento para solicitar as BAIAS, para o alumnado de bacharelato e, para os da ESO que sexan maiores de 16 anos, farase mediante escrito razoado, con exposición de motivos. O escrito entregarase en Secretaría dirixido ao Director do Centro quen resolverá no prazo de 10 días. A data límite para facer esta solicitude é o 30 de abril de 2020.

## Actividades extraescolares

Para este curso estase elaborando un plan de actividades que se desenvolverán entre os meses de outubro e maio, en horario non lectivo. Estas actividades son de carácter voluntario. Consideramos moi importante, non obstante, a participación do alumnado nas mesmas xa que suporán un aporte valioso para a súa formación cultural e persoal. Durante o mes de setembro informarase sobre as actividades ofertadas para este curso e o prazo para anotarse. A responsable das actividades extraescolares é a Vicedirectora a quen poden dirixirse para resolver calquera dúbida.

## Departamento de Orientación Educativa

Os alumnos que desexen orientarse ou informarse deben dirixirse ao despacho deste Departamento situado na planta baixa fronte á Secretaría. Algunhas das funcións deste Departamento son as seguintes:

- a) Actividades de información e orientación académica: dirixidas aos alumnos de cursos superiores da ESO e do Bacharelato. Recibirán asesoramento sobre materias optativas para estudar no seguinte curso, así como información sobre Becas, Ciclos Formativos, Carreiras Universitarias, etc.
- b) Atención e diagnose de problemáticas relacionadas co proceso de ensino-aprendizaxe.
- c) Plan de Acción Titorial (PAT): Hai un profesor titor do seu fillo a quen vostede debe visitar e consultar durante o curso. Unha hora á semana o titor estará dispoñible para darlle todo tipo de información sobre o seu fillo (comportamento, aproveitamento, asistencia a clase, dificultades, etc.). A hora semanal de tutoría fixarase durante o mes de setembro e comunicaráselle a vostedes na reunión que a dirección manterá cos pais e nais a principios de curso.

## Biblioteca

A partires do 1 de outubro, os alumnos poderán solicitar o carné de biblioteca na Biblioteca do Centro. Este carné estará vixente mentres o alumno permaneza escolarizado neste centro. O horario de apertura será diario de 11:20 a 11:50 horas.

A Biblioteca está estruturada en catro zonas diferenciadas compartindo salas de estudo e de lectura ademais de acceso a Internet.

A Biblioteca está informatizada e dispón de máis de 15.000 volumes.

## Internet

Durante o curso os alumnos poderán utilizar, no horario de 11:20 a 11:50 os servizos de INTERNET mediante os equipos correspondentes situados na Biblioteca.

## Transporte escolar

O transporte escolar para alumnos de ESO funcionará a partir do 17 de setembro, todas as mañás de luns a venres ademais do luns pola tarde.

Os alumnos menores de idade que utilicen o servizo de transporte escolar estarán custodiados a entrada e saída do centro por profesores e/ou persoal non docente.

Na Secretaría do centro, hai a disposición dos alumnos unha folla de incidencias, que cubrirá o alumno cando exista algún tipo de anomalía no transporte escolar (atraso, ausencia, malos modos, etc.) para coñecemento da dirección e poder resolver o problema.

O día 16, na presentación de comezo de curso para os alumnos de ensino obrigatorio, haberá un servizo de transporte escolar especial que chegará ao Instituto ás 11:00 horas e sairá de volta ás 14:00 horas.

## Oficinas de secretaría

Permanecerán abertas, todos os días do curso, de 8:30 a 12:00 horas e de 12:00 a 14:30 horas para calquera trámite e xestión burocrática da súa competencia.

## Lexislación a ter en conta

Existe un Plan de Traballo para a recuperación das materias pendentes da ESO (alumnos de 2º que teñen materias pendentes de 1º, alumnos de 3º con materias pendentes de 2º e/ou 1º, alumnos de 4º con materias pendentes de 3º e/ou 2º e/ou 1º). Co obxecto de facilitar a recuperación das materias pendentes, a Comisión de Coordinación Pedagóxica acordou o seguinte:

- . O alumno con materias pendentes que realice satisfactoriamente os traballos ou probas marcados polo departamento, superará a materia pendente.
- . Aqueles alumnos que polo criterio anterior non superen a materia pendente terán unha proba final ordinaria en maio e unha extraordinaria en setembro.
- . Se a materia pendente é unha das chamadas progresivas (Educación Física, Educación Plástica, Visual e Audiovisual, Lingua e Literatura Castelá, Lingua e Literatura Galega, Inglés, Matemáticas, Relixión ou Francés 2º Idioma) apróbase, automaticamente, se o alumno supera a segunda avaliación da materia, co mesmo nome, do curso no que está matriculado. O mesmo ocorrería, obviamente, se se aproba a progresiva tanto en xuño coma en setembro.

### PROMOCIÓN ESO

Os alumnos terán promoción de curso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa (cualificación de catro (4) nas tres materias).
- c) Que se lle apliquen ao alumno as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa (cualificación de catro (4) nas dúas materias), e sempre que se lle apliquen ao alumno as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno debe cursar en cada un dos bloques de troncais, específicas y libre configuración autonómica (non computarán as materias de libre configuración autonómica agás a Lingua Galega e Literatura).

### TITULACIÓN ESO

Ata a entrada en vigor da nova normativa, as condicións para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria serán as seguintes (Real Decreto 562/2017):

Os alumnos que obtiveran unha avaliación, ben positiva en todas as materias, ben negativa nun máximo de dúas, sempre que estas non sexan de forma simultánea Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, obterán o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. A estes efectos:

- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos de Educación Secundaria Obrigatoria se considerarán como materias distintas.
- Sen prexuízo do anterior, para obter o título será preciso que o equipo docente considere que o alumno acadou os obxectivos da etapa e adquiriu as competencias correspondentes.

### PROMOCIÓN BACHARELATO

Os alumnos terán promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando teñan superadas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno debe cursar en cada un dos bloques de troncais, específicas y libre configuración autonómica (non computarán as materias de libre configuración autonómica agás a Lingua Galega e Literatura).

### TITULACIÓN BACHARELATO

Para obter o título de bacharel será necesaria a superación de todas as materias de bacharelato.

## Reunión de principio de curso cos pais e nais

Nesta primeira xuntanza consideramos moi importante a súa asistencia. Nela trataranse temas académicos e de organización, e servirá para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir ao inicio de curso. Aproveitaremos para informalos do servizo AbalarMobil, a notificación de faltas de asistencia por email e presentarles aos titores dos seus fillos cos que poderán falar. Celebrarase no Salón Actos do noso Instituto o:

Mércores, día 18 de setembro, ás 19:30 horas.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES XESÚS TABOADA CHIVITE**

Avda. de Portugal, 116 - 32600 VERÍN (OURENSE) • Teléfono: 988685070 • FAX: 988685078

ies.xesus.taboada@edu.xunta.es • www.iesxesustaboadachivite.org